

# O Común dos Veciños

Revista informativa da Organización Galega de Comunidades de Montes Ano 12 Número 11 Maio 2010

## Políticos, técnicos e economistas deben coñecer o monte veciñal

**Andrés Barreiro López**

*Comuneiro de Trabanca-Sardiñeira (Vilagarcía de Arousa)*

Os comuneiros de toda Galicia non acabamos de entender a actitude dos sectores político, económico e mediático deste país galego coas comunidades de montes. Levamos varias décadas loitando polos nosos montes veciñais de forma constante e sempre tratando de que se nos considere de tanto interese para Galicia como calquera outro sector económico e social, sen moito éxito porque a prensa, o poder económico e os políticos sempre nos consideraron (con algunhas excepcións, hai que dicilo) un sector secundario na socio-economía galega. Aquí van os argumentos da importancia do monte veciñal:

1º- Nós mantemos o sector forestal en Galicia. Proporcionamos moitos miles de empregos: traballos silvícolas, plantacións, tala de madeira, serradoiros, transportes, celulosas, fabricación de tableiro, móbiles, viveiros de plantas, persoal técnico de varios tipos... A maioría destes postos de traballo foron creados nas comarcas rurais, as máis deprimidas do país. O monte veciñal ocupa a cuarta parte do territorio galego. Somos imprescindibles para modernizar o sector.

2º Nós proporcionamos ecoloxicamente a toda a sociedade o tan necesario sistema depurativo dos gases tóxicos emitidos polas grandes cidades e empresas contaminadoras, aportando o osíxeno tan necesario para a vida de todos, e aportamos cada día miles de hectómetros cúbicos dos nosos mananciais de augas limpas para abastecemento da poboación e dos ríos.

3º- Nós proporcionamos, en moitos casos de balde, os terreos para equipamentos sociais (centros sanitarios, educativos, deportivos, sociais) industriais (parques empresariais, parques eólicos, canteiras, encoros) ou infraestruturas (estradas, autoestradas, vías férreas).

A cambio dos servizos que o monte comunal presta á sociedade, as comunidades de montes recibimos descoñecemento do noso traballo por parte de economistas e políticos, percibimos que non entramos dentro das súas preocupacións. Peor aínda, ás veces o único que percibimos é un desprezo polo "pouco desenvolvido" que está o sector, considerándonos atrasa-



dos porque no monte veciñal non está instalada unha estrutura empresarial, que é a única que crea riqueza, segundo eles. E a prensa tamén colabora nesta visión de "atraso" cando a maioría das veces que fala das comunidades de montes é para falar de problemas, erros de funcionamento e enfrontamentos.

Fronte a todo isto, nós temos que estar cos problemas dos veciños, co seu sentido común, deixar falar a técnicos e políticos, incapaces de saber de verdade o que é o monte e para que serve. Tamén os enxeñeiros do século XIX consideraban improdutivo e abandonado o monte veciñal, eles, con carreira universitaria e máis cegos ca unha toupa, sen ver o que sabía o máis analfabeto da aldea. E doe que teñamos que ser nós, os veciños e veciñas comuneiros, os que lles expliquemos o que é o monte e como funciona, a políticos, economistas e técnicos, estamos igual que antes, para que deixen de mirarnos con esa altivez urbana, como se eles foran os expertos e nós uns pobres parias sen idea. E mentres, o rural vaise despoboando.

O monte veciñal, hoxe como antes, presta importantes funcións sociais, ecolóxicas e tamén económicas. Esta últimas en beneficio dos veciños, as demais en beneficio de toda a sociedade. É o modelo máis antigo de "desenvolvemento sustentable". E ocupa a cuarta parte do territorio. Cando haxa diálogo entre a administración, os técnicos, os economistas e os comuneiros, quizais empecemos a evitar o despoboamento do rural galego. E a prensa, que estea presente.

# Recoñecemento social

Os **montes veciñais son unha titularidade veciñal ou comunitaria**, mais esta definición, que semella clara para nós, non o é para certa parte da sociedade galega e mesmo para ás distintas administracións públicas, das locais ata a europeas, das galegas ás estatais.



O abandono dos usos tradicionais do monte veciñal, o desvío do investimento de todos os ingresos procedentes dos montes veciñais para obras de carácter social, esquecendo a mellora do propio monte veciñal, fixo que o concepto de titularidade veciñal ou fose esmorecendo. Estas circunstancias provocaron que as comunidades de montes non desen resposta ás novas actividades que viñan aparecendo nos montes veciñais: conservación do patrimonio, aproveitamento cinexético, xestión dos espazos, actividades de lecer e deportivas, actividades enerxéticas... Como o usuario destas actividades foi unha sociedade cada vez máis urbana, foise creando unha confusión entre o monte veciñal e a titularidade pública.

**Os montes veciñais sempre foron espazos de uso público**, e nós defendemos que o sigan sendo. Sen embargo, estas novas actividades deben ser consideradas aproveitamentos do monte veciñal e, xa que logo, os usuarios dos mesmos, que non teñen a condición de veciño/a comuneiro, precisan a autorización dos titulares das terras para facer uso deles. Isto non significa a prohibición destes usos ás persoas que non sexan comuneiras, senón que pretende dar a entender á sociedade no seu conxunto que a titularidade veciñal ten que ser recoñecida e respectada como o son as outras titularidades. Non e certo o que afirma o refrán de que *“o que é do común non e de ningún”*.

Se por unha banda a sociedade confunde a titularidade veciñal coa titularidade pública, as distintas administracións sitúanse na banda contraria e catalogan as titularidades veciñais como titularidades privadas.

Tanto a Lei de Montes Veciñais galega como a Lei de Montes estatal sitúan aos montes veciñais en man común no campo das titularidades de carácter privado.

Esta equiparación é unha inxustiza e un prexuízo para a titularidade veciñal. Como exemplo, a Lei de Montes estatal establece bonificacións fiscais para a concentración de terras e a transmisión por herdanza. O monte veciñal non precisa de concentración e non se transmite en herdanza individual, polo que non pode acollerse a ningunha bonificación fiscal. Non se reclama eliminar o concepto xermánico da titularidade veciñal, senón o recoñecemento desta con igualdade xurídica e administrativa coas outras, tendo en conta as súas características e as súas funcións.

Esta mesma problemática deuse nos baldíos de Portugal, pero a propia Constitución portuguesa evitou a privatización do monte recoñecendo esta titularidade singular como “comunitaria”, cunha categoría distinta pero equiparable á pública e á privada.

No debate do borrador da anteproxecto de Lei de Montes de Galicia, a ORGACCMM reivindicou que nel se recolleran os tres tipos de titularidade. Aínda que se conseguiron avances moi importantes, como a definición dos montes veciñais como titularidades de carácter xermánico, non se acadou o recoñecemento dos tres tipos de titularidade.

Esta reivindicación histórica debe ser mantida cando se reinicie o debate sobre a reforma do Estatuto de Galicia, pois o texto reformado debe recoñecer que no noso país hai tres tipos de titularidade: a pública, a privada e a veciñal ou comunitaria.



Veciñanza anos 40



## Quen somos

**A Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACCMM)** é unha Asociación composta exclusivamente de comunidades de montes e ao servizo delas. Pretende ser a voz dos comuneiros e comuneiras galegos en todos os temas que atinxan ós montes veciñais en man común.

### **Os montes veciñais en man común:**

**Son** terreos de titularidade colectiva comunitaria. A súa propiedade atribúese á comunidade veciñal, independentemente dos membros que a formen en cada intre. A veciñanza é a única condición para ser copartícipe dos dereitos sobre estas terras, que non poden ser transmitidas individualmente.

**Conforman** unha propiedade de carácter xermánico, con ausencia de cotas e, xa que logo, inalienabel, indivisibel, imprescriptibel e inembargabel.

**Constitúen** espazos xeográficos que deben cumprir, para un uso sostibel, as tres funcións tradicionais (social, ecolóxica e produtiva) de xeito compatibel e integrador.

**Existen** unhas 2.900 comunidades de montes, exténdese por 248 dos 316 Concellos de Galiza ocupando un 25% do territorio galego aproximadamente.

### **As Comunidades de Montes**

**Están constituídas** pola veciñanza comuneira reunida en Asemblea Xeral, decideindo democraticamente a xestión e administración dos seus montes. Só á veciñanza comuneira corresponde a decisión sobre os usos e aproveitamentos destas propiedades, sen interferencias alleas.

